


good
morning
kids!!!



CONCELLO DE
SANTIAGO

Departamento de Educación

Prazo de inscrición: do 28 de maio ao 8 de xuño de 2012 (ambos os dous inclusive).

Lugar de presentación de solicitudes:
Rexistro xeral do concello de Santiago de Compostela (Rúa Presidente Salvador
Allende n º4 baixo) e no Rexistro Axiliar do CSC do Ensanche.

Máis información: 981 554 400 / 401- fax 981 571 511
dptoeducacion@santiagodecompostela.org / www.santiagodecompostela.org

English
Summer
School
ESCOLA MUNICIPAL
DE VERÁN DE INGLÉS



English Summer School

ESCOLA MUNICIPAL DE VERÁN DE INGLÉS

A escola de verán de inglés é unha proposta educativa para o mes de xullo, do 2 ao 31, en horario de 9:00 a 14:00 horas, no IES Rosalía de Castro (Rúa de San Clemente, 3). A recepción dos participantes farase diariamente dende as 8:15 horas para facilitar a conciliación das familias que o precisen.

Este programa está dirixido a nenos/as e a mozos/as empadroados no concello de Santiago, que cursaran algún dos cursos seguintes: 1º de primaria a segundo da ESO (ambos os dous inclusive), con niveis de inglés diferentes. Esta oportunidade de aprendizaxe combina as clases de inglés con obradoiros lúdicos, para aproveitar o tempo de actividade non escolar e practicar e mellorar o seu inglés á vez que utilizan este tempo para procurar novas relacións socializadoras.

ORGANIZACIÓN

O Departamento de Educación do Concello de Santiago, dentro da súa oferta formativa para o tempo libre e de lecer dos escolares de Santiago, organiza esta proposta educativa na que se combinan obradoiros de contido diverso e actividades de utilización didáctica da cidade en lingua inglesa.

A execución desta experiencia de aprendizaxe do inglés encoméndase a unha empresa do sector coa que o concello de Santiago acordará o desenvolvemento da proposta e que se fará cargo:

- ★ da impartición das clases e dos obradoiros.
- ★ da preparación das actividades para as clases e os obradoiros.
- ★ da organización dos grupos por niveis de coñecemento de inglés.

PROFESORADO

As clases serán impartidas por profesorado titulado, preferentemente nativo. Todo o profesorado conta con formación pedagóxica específica na aprendizaxe de linguas e no desenvolvemento de actividades de dinamización educativa.

OBRADOIROS

Os obradoiros serán impartidos íntegramente en inglés ao igual que as clases, actividades e saídas ou itinerarios.

Contarase, entre outros, cos seguintes obradoiros: Creación literaria e recomendacións de materiais de aprendizaxe da lingua inglesa, cancións/música, teen life, magazine, role plays, artes plásticas, cociña elemental, language games, english workshops, actividades deportivas e xogos, ximcanas, aínda que dependendo das características dos grupos e das idades dos participantes, poderanse producir cambios.

Realizaranse saídas, como por exemplo visitas ao mercado, servizos do concello de Santiago, rede museística, ou calquera outro centro de interese que o Departamento de Educación considere.

Ademais, dentro dos obradoiros terán cabida actividades ao aire libre e especificamente deportivas, como poden ser, a "Busca do Tesouro" e Xogos Tradicionais Ingleses, por citar algúns.

DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA

O desenvolvemento da escola dividirase en tres bloques:

- ★ O primeiro realizarase á primeira hora da mañá e consistirá nunha clase de inglés onde o enfoque principal vai ser que os nenos e nenas adquiren fluidez e soltura á hora de falar e o profesor/a poda traballar as estruturas gramaticais e a pronunciación. Será un reforzo de todo o impartido ao longo do curso escolar.
- ★ A segunda parte comprenderá obradoiros onde cada grupo realizará actividades distintas e adaptadas ao seu nivel.
- ★ A terceira parte da mañá atenderá un conxunto de actividades do tipo de saídas, itinerarios, xogos, manualidades, contacontos que o Departamento de Educación desenvolve no seu programa xeral de actividades

MATERIAIS

O alumnado contará, entre outros materiais, cunha mochila e unha carpeta na que poderán gardar toda a información que se lles vaia facilitando ao longo do curso; guía didáctica, manual para pais e nais e diploma.

MATRÍCULA

- ★ Para aqueles que participen durante todo o período (do 2 ao 30 de xullo): 180 euros.
- ★ Para aqueles que participen só durante unha quincena: 120 euros.

Non obstante aplicarase un desconto do 20% a aqueles solicitantes que acrediten ser familia numerosa ou acrediten ser o segundo ou posterior membro da familia que participe nesta Escola de Verán. Entón:

- ★ Cota inscrición todo o mes 144 euros
- ★ Cota inscrición quincena 96 euros
- ★ Nos prezos están incluídos todos os gastos (matriculación, seguros, materiais, profesorado e actividades).

O desconto de familia numerosa aplicarase a todos os membros inscritos na escola de verán.

O desconto no caso de irmáns participantes aplicarase a partir do segundo. O primeiro pagará a cuota completa que lle corresponda.

Para aplicar estes descontos, que non son acumulables, deberán acreditarlo documentalmente no momento de facer a pre-inscrición.

Se un neno/a matriculado nunha quincena solicita a ampliación a unha segunda, esta petición será atendida sempre e cando haxa prazas disponibles. O importe a pagar será en todo caso de 120 euros, só se aplicará desconto se é familia numerosa ou se participa outro membro de familia nesa mesma quincena para a que se solicita a ampliación.

Se o número de solicitantes é maior que o número de prazas farase un sorteo público.

O Departamento de Educación informará da obtención de praza unha vez rematado o prazo de pre-inscrición, quedando formalizada a mesma cando se realice o pagamento correspondente no número de conta bancaria que se indique e dentro dos prazos establecidos.

No momento do pago deberán indicar o nome do neno/a e o período no que desexa participar.

SINALE CUN X A OFERTA SOLICITADA

Todo o programa (do 2 ao 31 de xullo)

Do 1 ao 16 de xullo

Do 17 ao 31 de xullo

Horario: de 9.00 a 14.00h.

FICHA DE INSCRIPCIÓN 2012 ENGLISH SUMMER SCHOOL GOOD MORNING KIDS

DATOS DO/A SOLICITANTE

Apelidos

Nome E-mail

Enderezo familiar

Teléfono fixo Móbil

Data de nacemento n° de irmáns

Lugar que ocupa nenos nenas

Colexio no que estuda curso

¿Participaches outros anos nas ofertas de verán do concello de Santiago?

¿Cando?

¿En qué outras ofertas de tempo libre para o verán che interesaría participar?

DATOS DA FAMILIA

Nome e apelidos do teu pai/titor


Profesión E-mail

Lugar de traballo Teléfono

Nome e apelidos da túa nai/titora

Profesión:

Lugar de traballo Teléfono



CONCELLO DE
SANTIAGO

Departamento de Educación

foto

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Unha fotografía.

Fotocopia compulsada de Familia Numerosa.
Certificado do centro escolar indicando o nome e o curso realizado este ano polo alumno/a.
Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social ou seguro médico.

Fotocopia compulsada do Libro de Familia.
Certificado de empadronamiento* (é condición imprescindible estar empadronado no Concello de Santiago para participar nas ofertas. Non obstante, se houbera prazas libres poderanse atender outras solicitudes.)

* Este documento será solicitado polo Departamento de Educación directamente no Padrón Municipal polo que non é preciso que os solicitantes o entreguen.

FICHA MÉDICA

Maréaste con frecuencia?

Vomitas?

Enfermidades: (subliña aquelas máis frecuentes)

- anxinas
 arrefriados
 farinxite
 dor de moas
 outras:

Padeces a miúdo hemorraxias?

Padeces do corazón?

Tes convulsións?

És alérxico? a que?

Tomas algún medicamento?

Sinale cal é a súa dose

Tes algún réxime? cal?

Nº tarxeta da seguridade social dos teus pais

Tes as vacinas correspondentes á túa idade?

Tes algunha discapacidade?

AUTORIZACIÓN FAMILIAR

Autorizo ao meu fillo/a
a asistir a English Summer School.....nas
condicións establecidas. Fago extensiva esta autorización ás
decisións médico-cirúrxicas que fose necesario adoptar en caso de
extrema urxencia, baixo a dirección facultativa pertinente.

Santiago de Compostela, de de 2012.

SINATURA DO PAI/NAI/ TITOR/A

Nome e apelidos

NIF



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Santiago de Compostela. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito no Rexistro Xeral do Concello.